

Resolución do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Soterramento LMT TRO716, CT e CS, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2023/031-4).

A instalación denominada Soterramento LMT TRO716, CT e CS foi declarada de utilidade pública mediante Resolución do 22 de agosto de 2025, do Departamento Territorial de Pontevedra, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o 31 de outubro de 2025, a partir das 12.00 horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

A persoa interesada recibirá unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na cal deberá presentarse na súa finca, informándolle de que poderá ir acompañada por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o considera conveniente.

Cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre os predios afectados sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación, dirixiranse ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan destas, de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa. Neste caso, igualmente, de acordo co artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publicarase un anuncio no taboleiro de edictos único (TEU) do Boletín Oficial del Estado.

Beatriz López del Olmo

Directora territorial de Pontevedra

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

ANEXO

Nº	Referencia catastral	Lugar	Titular	Nº apoio	m2 Solo
1	6380203NG2768S0001WB	Cr. Madroa	Descoñecido	CT	16,81
2	54057A002004490000AA	Pugariño	Manuel Quinzán Pardo	CS	15,48

